

Recurso nº 113/2019**Resolución Medida Cautelar nº 68/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 14 de maio de 2019.

VISTO o recurso arriba citado, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante), adoptou a seguinte resolución no día da data:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 06.05.2019 CLECE, S.A. interpuxo, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, recurso especial en materia de contratación contra a resolución de adxudicación, polo Concello da Coruña, dun servizo de mantemento de mercados municipais, expediente 525/2018/15.

Segundo.- Segundo o artigo 53 da Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP, en adelante), unha vez interposto o recurso, quedará en suspenso a tramitación do procedemento cando o acto impugnado sexa o de adxudicación, salvo no suposto de contratos baseados nun acordo marco ou de contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición, suposto que non concorre neste caso.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 56.3 LCSP dispón que o Tribunal no prazo dos cinco días concedidos para a presentación de alegacións, deberá resolver sobre se procede ou non o mantemento da suspensión automática. Segundo o mesmo, se debería decidir sobre a mesma dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da interposición do recurso.

Segundo.- A competencia deste Tribunal para a adopción de decisións sobre a solicitude de medidas cautelares nos expedientes de contratación ven establecida no artigo 35.bis da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Terceiro.- Establecida a suspensión automática ope legis, este Tribunal Administrativo considera que corresponde manter a suspensión da adxudicación impugnada ata que se dite resolución do recurso especial, continuando co efecto normativamente previsto polo lexislador para cando se impugnan os actos de adxudicación, ao non concorrer, nin ser postos de manifesto circunstancias que determinen o levantamento da mesma no prazo dado ao respecto.

Polo exposto, vistos os preceptos legais de aplicación e, en concreto, de conformidade co establecido nos artigos 53 e 56 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e dos artigos 21 e 25 do Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, do 11 de setembro, este Tribunal

RESOLVE

Manter a suspensión da tramitación deste procedemento de contratación, producida de forma automática como consecuencia do disposto no artigo 53 LCSP, de maneira que, segundo o establecido no artigo 56, se entenderá vixente en tanto non se dite resolución expresa acordando o seu levantamento.



Contra a presente resolución non cabe recurso ningún, sen prexuízo do que proceda contra a resolución que se dite no procedemento principal de recurso.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL, Tomás Otero Ferreiro.

